



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



EXPEDIENTE M11/2017 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO DE 2017



Expediente M11/2017 de modificación do Anexo de Invetimentos do Orzamento 2017

MEMORIA DA ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometimento ao Pleno da Corporación o presente expediente, que ten por finalidade a modificación do anexo de investimentos. Non se modifica o estado de Gastos do Orzamento 2017. Modifícase o Anexo de Invetimentos, documentación que se une ao Orzamento de acordo co artigo 168.1 do TRLRFL. As modificacións do Anexo de investimentos atopan a súa regulación nas Bases de Execución do Orzamento Municipal (Base 15ªB), segundo a cal as modificacións dos proxectos vinculados cualitativamente no el Anexo de Invetimentos son competencia do Pleno da Corporación.

Unha vez licitado o contrato de redacción de proxecto e obra de reforma de la cubierta del Estadio de Riazor, propónse polo Servizo de Deportes e Xuventude unha nova distribución do gasto de acordo co calendario que resulta da oferta presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, segundo proposta da Mesa de Contratación. Dito licitador presenta un plan de obra que reduce sensiblemente o prazo de execución da obra ao propoñer traballar nas catro cubertas, de modo que a distribución do gasto sería a seguinte: ano 2017: 43.788,57 € e ano 2018: 7.118.481,52€, xa que a totalidade da actuación efectuarase en 2017 e 2018. Redúcese, ademais importe da obra, que se fixa na oferta en 7.162.270,09 €. Ademais, a modificación do Anexo de Invetimentos proposta suporá a inclusión na anualidade de 2018 do proxecto dos gastos derivados dos contratos de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde, para adaptalos ao adianto do calendario de execución da propia obra, e tramitalos como contratos anticipados.

Fais necesario, polo tanto, tramitar unha modificación puntual do Anexo de Invetimentos de 2017, para variar o importe total e as anualidades futuras do proxecto nº de orden 164.

II.- Por elo, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Anexo de Invetimentos aprobado xunto co Orzamento de 2017 (M11/2017), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente non implica variacións nos estados de gastos nin de ingresos do orzamento, nin supón cambios na distribución por capítulos do mesmo.

Tramítase o expediente con suxección ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 15 de novembro de 2017.

O ALCALDE,



Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M11/2017
PLENO

Expediente M11/2017 de modificación do Anexo de Invetimentos do Orzamento 2017

Informe proposta

I.- A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na Sección 2ª do Capítulo II do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). As Bases de Execución do Orzamento conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da Corporación, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.

Así mesmo atenderase ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, que modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Na Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2017, "Vinculacións xurídicas" régulase expresamente a modificación que se pretende tramitar neste expediente dispoñendo que cando se trate de modificacións do Anexo de Invetimentos de competencia plenaria que non impliquen modificación nin alteración dos créditos nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento, só requirirán dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

De acordo co artigo 166 do TRLRFL, xunto co Orzamento de 2017 apróbase o Anexo de Invetimentos. No mesmo figura o proxecto de investimento que se pretende modificar e que se denomina "Execución no Estadio de Riazor dun novo proxecto de rehabilitación da estrutura e cubertas de maratón e pavillón e construción de novas estruturas e cubertas para preferencia e tribuna", co Nº de Orde 164.

No expediente M1/2017, de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2017, modificouse o importe total do proxecto e as anualidades futuras do mesmo. Devandito acordo foi adoptado en sesión plenaria ordinaria o pasado 3 de xullo, quedando as anualidades distribuídas da forma seguinte:

NUM. ORDE	APLICACIÓN	ANUALIDADE 2017. APROBACIÓN DEFINITIVA	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	CODIGO PROXECTO	PRESTAMO	VINCULACIÓN	EX ANT	2018	2019	2020	TOTAL
164	50.34263206	5.000,00	Execución no Estado de Riazor dun novo proxecto de rehabilitación da estrutura e cubertas de maratón e pevilión e construción de novas estruturas e cubertas para preferenda e tribuna	2013 2 52 3	5.000,00	CUALITATIVA	1.493.030,62*	3.675.487,50 Máis 1.493.030,62 que proveñen de incorporación de remanentes. Total: 5.168.518,12	3.064.519,56	0,00	8.238.037,68

* O importe de 1.493.030,62€ procedería da incorporación de remanentes de 2014 (331.874,81€) e 2016 (1.161.155,81€). Este crédito é de incorporación obrigatoria salvo que se desista do proxecto (art. 182.3 do TRLRFL).

O importe para consignar no Orzamento inicial de 2018 sería de 3.675.487,50€, sendo os créditos totais do proxecto, unha vez incorporados os remanentes de crédito por importe de 1.493.030,62€, de 5.168.518,12€.

Unha vez licitada a obra propónse polo Servizo de Deportes e Mocidade unha nova distribución do gasto de acordo co calendario do licitador clasificado en primeiro lugar, segundo proposta da Mesa de Contratación. Devandito licitador presenta un plan de obra que reduce sensiblemente o prazo de execución da obra ao propoñer traballar nas catro cubertas. Por iso, o Servizo xestor fai unha estimación de obra certificada que esixe a modificación da distribución por anualidades do crédito previsto.

O Servizo de Deportes considera que a distribución do gasto sería a seguinte: ano 2017: 43.788,57€ e ano 2018: 7.118.481,52€, xa que a totalidade da actuación efectuarase en 2017 e 2018. Redúcese o prazo de execución e o importe da mesma, que se fixa na oferta en 7.162.270,09€.

Con data 14 de novembro de 2017, o Servizo de Deportes solicita que se modifique a anualidade 2018 do Anexo de Investimentos, deste código de proxecto, para incluír a Dirección de obra e a Coordinación de seguridade e saúde para adaptalo ao calendario do plan de obra, do licitador clasificado en primeiro lugar. Propoñen adiantar a licitación dos seguintes contratos e


Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M11/2017
PLENO

tramitalos como anticipados ao non estar previsto o seu inicio en 2017. Os importes de licitación previstos son os seguintes:

- ASISTENCIA TÉCNICA Á SUPERVISIÓN DA REDACCIÓN DE PROXECTO E DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA DO ESTADIO DE RIAZOR: 343.700,62€
- COORDINACION DA SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA DO ESTADIO DE RIAZOR: 120.000,00€

NUM. ORDE	APLICACIÓN	ANUALIDADE 2017. APROBACIÓN DEFINITIVA	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	CODIGO PROXECTO	PRÉSTAMO	VINCULACIÓN	EX ANT	2018	2019	2020	TOTAL
164	50.34263206	5.000,00	Execución no Estadio de Riazor dun novo proxecto de rehabilitación da estrutura e cubertas de maratón e pavillón e construción de novas estruturas e cubertas para preferencia e tribuna	2013 2 52 3	5.000,00	CUALITATIVA	1.493.030,62	5.664.239,47 Máis 1.493.030,62 que proveñen de incorporación de remanentes. Total: 7.157.270,09	0,00	0,00	7.162.270,09
	50.34263206		ASISTENCIA TÉCNICA Á SUPERVISIÓN DA REDACCIÓN DE PROXECTO E DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA DO ESTADIO DE RIAZOR	2013 2 52 3		CUALITATIVA		343.700,62			343.700,62
	50.34263206		COORDINACION DA SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA DO ESTADIO DE RIAZOR	2013 2 52 3		CUALITATIVA		120.000,00			120.000,00
	50.34263206			2013 2 52 3	5.000,00	CUALITATIVA	1.493.030,62	6.127.940,09	0,00	0,00	7.625.970,71

II.- De acordo coa Base 8ª das de execución do Orzamento, a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para comprometer gastos plurianuais calquera que sexa o seu importe e duración. Incluindo a posibilidade de ampliar o número de anualidades, modificar importes e elevar porcentaxes de gastos plurianuais a que se refire o artigo 174.3 do TRLRFL.




Respecto da modificación de anualidades, derivadas da oferta do licitador clasificado en primeiro lugar, no expediente denominado: "contratación conxunta da elaboración do proxecto e a execución das obras de reforma da cuberta do Estadio de Riazor", este Servizo entende que sería competencia da Xunta de Goberno Local, ao atoparnos ante a fase de compromiso de gasto.

Con todo, respecto da Asistencia técnica á supervisión da redacción de Proxecto e dirección de Obra e á Coordinación de Seguridade e Saúde estaríamos ante unha **tramitación anticipada do expediente de gasto**. Por iso, segundo o disposto no punto 2 do apartado III da Base 5ª das de execución do Orzamento municipal de 2017, débese emitir informe sobre a existencia de crédito no que se faga constar que concorre algunha das circunstancias mencionadas no punto 2.1 da devandita regra.

“2.1. Os expedientes de gasto poderán ser obxecto de tramitación anticipada no exercicio anterior a aquel en que se adquira o compromiso de gasto e teña lugar a súa execución total, sempre que se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) Exista normalmente crédito adecuado e suficiente para a cobertura orzamentaria do gasto de que se trate nos Orzamentos Xerais do Concello.
- b) Exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Orzamentos Xerais do Concello aprobado pola Xunta de Goberno Local correspondente ao exercicio seguinte, no cal se adquirirá o compromiso de gasto.
- c) Adoptouse acordo plenario do que se deduza a obriga de incluír o crédito no Orzamento do exercicio seguinte.”



Xa que é necesario realizar unha modificación do Anexo de Investimentos de competencia plenaria para incluír as asistencias técnicas mencionadas, parece oportuno modificar as anualidades da obra na mesma proposta de acordo, adquirindo un compromiso plenario do que se deduza a obriga de incluír o crédito no orzamento do exercicio 2018.

Iso supón, por unha banda, modificar o Anexo de Investimentos do Orzamento 2017 no referente ás anualidades e no importe total do proxecto, que se minora no referente á redacción de proxecto e execución de obra, e doutra banda, incluír na anualidade 2018 crédito para as asistencias técnicas mencionadas.

Trátase dunha modificación do Anexo de Investimentos, dun proxecto vinculado cualitativamente, de competencia plenaria que non implica modificación do crédito consignado en 2017, nin modificación da aplicación orzamentaria. Por iso, de acordo coa Base 6ª das de Execución do Orzamento, require unha única aprobación polo Pleno da Corporación.

III. A modificación do **Anexo de Investimentos** do orzamento 2017 que se somete ao Excmo. Concello Pleno, vén acompañado da documentación necesaria para iniciar o expediente.



Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M11/2017
PLENO

O expediente M11/2017 de modificación do Orzamento de 2017 foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, segundo consta no certificado que obra no expediente, de conformidade co establecido no art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local), vistos os informes obrantes no mesmo e previo ditame emitido pola Comisión informativa de Facenda e Administración sométese a aprobación polo Pleno da Corporación. Unha vez producida a aprobación polo Pleno, por maioría simple dos membros presentes, a modificación será efectiva. O expediente non necesita exposición pública (Base 6ª das de Execución do Orzamento de 2017).

IV. Conforme á normativa citada, e se V.E. considérao oportuno, sería procedente formular ao Excmo. Concello Pleno, a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2017, incorporando os cambios nas anualidades e no importe total do proxecto, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M11/2017. Modificacións do Anexo de Investimentos".
2. Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, 23 de novembro de 2017

Xefa de Servizo de Orzamentos e Conforme,
Estudos Económicos,

Belén Blanco de Azpiazu

Director de Economía, Facenda e
Administración,

Eduardo Mera Rico

Vº e pr,
Concelleira de Facenda e Administración,

Mª Eugenia Vieito Blanco



ANEXO DE INVESTIMENTOS 2017 (TRAS APROBACIÓN M1/2017):

NÚM. ORDE	XESTOR	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO GASTO	ANUALIDADE 2017 APROBACIÓN DEFINITIVA	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	CODIGO PROXECTO	RECURSOS PROPIOS	PRÉSTAMO	CONTRIB ESPECIAIS	SUBVENCIÓN	COTAS URBANIZ	VENDA DE CHAN	VINCULACIÓN	EX ANTERIORES	2018	2019	2020	2021	TOTAL PROXECTO
164	Deporte	50.342.63206	Instalacións deportivas. REHABILITACIÓN INSTALACIÓN DEPORTIVAS	5.000,00	Execución no Estadio de Riazor dun novo proxecto de rehabilitación da estrutura e cubertas de maratón e pavillón e construción de novas estruturas e cubertas para preferencia e tribuna	2013 2 52 3		5.000,00					CUALITATIVA	1.493.030,62 ¹	3.675.487,50 ²	3.064.519,56	0,00		8.238.037,68

¹ O importe de 1.493.030,62€ provén da incorporación de remanentes de exercicios anteriores. Este crédito é de incorporación obrigatoria salvo que se desista do proxecto (art. 182.3 do TRLRFL).

² O importe a consignar no Orzamento inicial de 2018 será de 3.675.487,50€, sendo os créditos totais do proxecto, unha vez incorporados os remanentes de crédito por importe de 1.493.030,62€, de 5.168.518,12€.

MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS:

NÚM. ORDE	XESTOR	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO GASTO	ANUALIDADE 2017 APROBACIÓN DEFINITIVA	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	CODIGO PROXECTO	RECURSOS PROPIOS	PRÉSTAMO	CONTRIB ESPECIAIS	SUBVENCIÓN	COTAS URBANIZ	VENDA DE CHAN	VINCULACIÓN	EX ANTERIORES	2018	2019	2020	2021	TOTAL PROXECTO
164	Deporte	50.342.63206	Instalacións deportivas. REHABILITACIÓN INSTALACIÓN DEPORTIVAS	5.000,00	Execución no Estadio de Riazor dun novo proxecto de rehabilitación da estrutura e cubertas de maratón e pavillón e construción de novas estruturas e cubertas para preferencia e tribuna	2013 2 52 3		5.000,00					CUALITATIVA	1.493.030,62 ¹	6.127.940,09 ²	0,00	0,00		7.625.970,71

¹ O importe de 1.493.030,62€ provén da incorporación de remanentes de exercicios anteriores. Este crédito é de incorporación obrigatoria salvo que se desista do proxecto (art. 182.3 do TRLRFL).

² O importe a consignar no Orzamento inicial de 2018 será de 6.127.940,09€, sendo os créditos totais do proxecto de 7.625.970,71€. Este crédito obtense unha vez incorporados os remanentes do crédito de exercicios anteriores que non fosen executados en 2017 (1.498.030,62€, no caso de que non se chegue a recoñecer obrigas en 2017).



Asunto: Expediente M11/2017 de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2017.

Destino: Xunta de Goberno Local e no seu caso Pleno da Corporación.

Sométese a informe desta Intervención Xeral o expediente de referencia. Examinado o mesmo emítese o seguinte

INFORME.

Propónse modificar o anexo de investimentos no referente ó Proxecto denominado "Execución no Estadio de Riazor dun novo proxecto de rehabilitación da estrutura e cubertas de maratón e pavillón e construción de novas estruturas e cubertas para preferencia e tribuna. "

A modificación propón un novo reaxuste de anualidades orzamentarias do xa aprobado no seu momento derivado, por un lado, da redución dos prazos por parte do licitador cuxa proposta de adxudicación xa fixo a Mesa de Contratación e, polo outro, da necesidade da tramitación anticipada do expediente de contratación da dirección de obra e da coordinación de seguridade e saúde.

No caso da dirección de obra e da coordinación esa obriga é indiscutible xa que para a súa tramitación anticipada a Base de Execución nº 5, III, esixe "que se adoptase acordo plenario do que se deduza a obriga de incluír o crédito no orzamento do exercicio seguinte".

No caso da adxudicación da elaboración do proxecto de obra e da execución da obra, na nosa opinión, só existe unha verdadeira adxudicación e compromiso de gasto no referente á elaboración do proxecto pero non ó correspondente a obra. Segundo o Informe da Junta Superior de Contratación Valenciana no seu informe 5/2012, en relación á tramitación conxunta de proxecto e obra, "estamos ante un contrato en que los elementos esenciales de todo contrato no quedan resueltos en el momento de la adjudicación de la licitación (en el presente caso aún adjudicación definitiva), sino en un momento posterior que es el de la aprobación del proyecto por el órgano de contratación. De ahí, insistimos en su carácter excepcional y a la debida justificación del recurso de esta figura contractual. ", e que "(..) es desconocer el espíritu y finalidad de la norma respecto de este contrato, donde realmente la adjudicación de las obras se produce o se completa **es con la aprobación del proyecto por el órgano de contratación**". (..). **Por lo tanto, deberíamos considerar que existe contrato para la ejecución de las obras a partir del momento de que se produce tal aprobación.**"

Atendendo ó anterior, consideramos necesario e obrigado a modificación do anexo de investimentos en relación á nova dirección de obra e coordinación, e só oportuno para a parte da obra cuxa execución, derivada da oferta feita polo licitador, concéntrase no exercicio 2018 e que non deixa de ser unha expectativa pendente da aprobación do proxecto da mesma. Como tal expectativa sí debería, dacordo co principio de boa fe e de forma análoga a cando se tramita anticipadamente un contrato, visibilizarse e adoptarse un compromiso do Pleno da súa consignación no orzamento prorrogado ou inicial definitivo do 2018, xa que sen esa consignación no orzamento do 2018 non poderá aprobarse o proxecto de obras e iniciarse a mesma, e será nese momento de aprobación do proxecto cando exista un verdadeiro



compromiso xurídico e económico. Lembramos que para que exista unha adxudicación dunha obra debe haber un proxecto e un precio e ningún destes elementos existe neste intre en relación á obra prevista.

A modificación do anexo de investimentos no que respecta ás anualidades futuras supón o compromiso do Pleno de incluír o crédito no orzamento, prorrogado ou definitivo inicial, do exercicio seguinte 2018.

Como ben di a oficina orzamentaria so é necesario un único acordo do Pleno da Corporación, sen necesidade de información pública e dobre trámite de aprobación, de conformidade coa Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento 2017, xa que non hai alteracións dos créditos nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do exercicio corrente.

Polo exposto non existe inconveniente para que continúe o expediente.

Non entanto, o Pleno resolverá.

É o meu informe.

A Coruña, 20 de novembro de 2017.

O interventor xeral.



.....**Don Manuel José Díaz Sánchez**, secretario xeral do Pleno do Excelentísimo Concello da Coruña.

Aprobación da modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2017, incorporando os cambios nas anualidades e no importe total do proxecto, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M11/2017. Modificación do Anexo de Investimentos”.

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria realizada o día 4 de decembro de 2017, cos votos a favor dos Grupos Municipais de Marea Atlántica (MA) (10 votos) e Bloque Nacionalista Gallego/Asembleas Abertas (BNG/AA) (1 voto) e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular (PP) (10 abstencións) e Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (5 abstencións) adoptou o seguinte acordo:

1.-Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2017, incorporando os cambios nas anualidades e no importe total do proxecto, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M11/2017. Modificacións do Anexo de Investimentos”.

2.- Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde para a adopción dos decretos que

.....**Don Manuel José Díaz Sánchez**, Secretario General del Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña.

Aprobación de la modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2017, incorporando los cambios en las anualidades y en el importe total del proyecto, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M11/2017. Modificación del Anexo de Inversiones”.

CERTIFICO: Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada el día 4 de diciembre de 2017, con los votos a favor de los Grupos Municipales del Marea Atlántica (MA) (10 votos) y Bloque Nacionalista Gallego/Asembleas Abertas (BNG/AA) (1 voto) y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular (PP) (10 abstenciones) y Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (5 abstenciones) adoptó el siguiente acuerdo:

1.-Aprobar la modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2017, incorporando los cambios en las anualidades y en el importe total del proyecto, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M11/2017. Modificaciones del Anexo de Inversiones”.

2.- Facultar al Excmo. Sr. Alcalde para la adopción de los decretos





sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a resultas do texto definitivo da Acta.

A Coruña, 4 de decembro de 2017

Vº e Pr

A concelleira-delegada de
Facenda e Administración

que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y a resultas del texto definitivo del Acta.

A Coruña, 4 de diciembre de 2017

Vº. Bº.

*La Concejala-Delegada de
Hacienda y Administración*

